
PLAN DE CONTINXENCIA

EEI A LAGOA

ACTUALIZADO AO PLAN DE ENSINO VIRTUAL

9 de novembro de 2020

CURSO 2020-2021

ÍNDICE

1. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.
2. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.
3. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencia.
4. Adaptación do plan de ensino virtual ante a COVID-19 ao centro educativo.

O Plan de Continxencia da Escola de Educación Infantil A Lagoa ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á zona de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, todos os casos agardarán acompañados nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar

interior coa ventilación adecuada, dependendo de se mestra itinerante especialista en lingua estranxeira atópase no centro.

A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, neste caso a mestra responsable, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que o centro teña que estar illado.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche do centro, xa que consta dunha única aula mixta.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través do blogue ou enderezo electrónico do centro. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro, neste caso a mestra responsable, identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto continuado coas familias para coñecer, tanto o seu estado de saúde como para facer o seguimento das medidas que relatamos a continuación.
- Propoñer e planificar actividades didácticas, para os diferentes niveis a través do blogue da escola e enderezo electrónico da titoría.
- Facilitar ao alumnado materiais didácticos impresos, organizados polo equipo docente, para continuar coas aprendizaxes incluídas nas programacións de aula.
- Naqueles casos que o precisen polas circunstancias familiares, solicitarase a cooperación dos Servicios Sociais do concello ou da policía local para a distribución dos mesmos.
- Tentar realizar un seguimento do ensino a distancia a través da plataforma dixital facilitada pola Consellería por parte do profesorado (Cisco Webex ou semellante).
- Manter comunicación e asesoramento ás familias a través do correo electrónico do profesorado, do centro escolar e do teléfono móbil.

3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIA

Finalizado o período de peche presencial da aula realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase.

O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo

aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

- Fase 1, adecuación dos espazos (duración: 1 semana): Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será a mestra responsable, única membro do equipo COVID, do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas. Obxectivos:
 - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
 - Desinfección de todos os espazos.
 - Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.
- Fase 2, formación de pequenos grupos (duración: 1 semana): A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50% . Obxectivos:
 - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
 - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
 - Combinar o ensino presencial e a distancia.
 - Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Fase 3, reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos (duración: 3 xornadas): A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100 %. Obxectivos:
 - Reforzar e das medidas de seguridade e hixiene.
 - Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e practicar os contidos expostos na aula virtual.
- Fase 4, fase de reactivación (duración: 2 xornadas): Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado Obxectivos:
 - Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases.
 - Comprobar o grao de adquisición do traballado.

4. ADAPTACIÓN DO PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19 AO CENTRO EDUCATIVO.

O obxectivo do Plan de Ensino Virtual é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo: a interacción entre alumnado e profesor, a realización de tarefas e a avaliación do progreso.

Segundo as particularidades do centro e, tendo en conta que o Plan vai dirixido ao alumnado de 3º de Educación Primaria en diante, o sistema será o seguinte:

- Corentena ou confinamento total

Para unha maior flexibilidade, atendendo ás necesidades particulares de cada familia, enviarase a última hora do día anterior as tarefas a realizar ó longo día seguinte. No horario de 9:00h a 14:00h atenderase calquera dúbida que aconteza cas actividades pautadas. As canles de comunicación serán as existentes agás, o teléfono do centro educativo.

O finalizar a semana a familia, a través das diferentes canles de comunicación reportará as tarefas feitas polo alumnado nese período.

- Corentena ou confinamento parcial

Para unha maior flexibilidade, atendendo ás necesidades particulares de cada familia, enviarase a última hora do día anterior as tarefas a realizar ó longo día seguinte. Poderase notificar calquera dúbida que aconteza cas actividades pautadas no horario de 9:00h a 14:00h e serán contestadas ás 16:00h. As canles de comunicación serán as existentes agás, o teléfono do centro educativo.

Na actualidade, todo o alumnado posúe un dispositivo apto para o seguimento da actividade lectiva non presencial, así como dos materiais requiridos para a realización das actividades correspondentes.